



# CONCELLO DE PORTO DO SON

CONCELLERÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO,  
XUVENTUDE, VOLUNTARIADO, SEGURIDADE E  
PROTECCIÓN CIVIL



## **BASES XERIAS DE ADMISIÓN NO CURSO GRATUÍTO DE APLICADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS DE NIVEL BÁSICO (25h).**

### **1.- Persoas destinatarias.**

Este curso está especialmente dirixido a:

Persoal auxiliar (peón aplicador) de tratamentos terrestres e aéreos, incluíndo os non agrícolas.

Agricultores que realicen estas tarefas na súa propia explotación sen empregar persoal auxiliar e utilizando produtos fitosanitarios que non sexan nin xeren gases tóxicos, moi tóxicos ou mortais.

Persoal auxiliar da distribución, almacenamento ou venda de produtos fitosanitarios.

### **2.- Solicitudes.**

As solicitudes de participación nesta acción formativa, segundo o modelo que se anexa, dirixiranse ao Alcalde - Presidente do Concello de Porto do Son e presentaranse no rexistro do Concello de Porto do Son (Rúa da Atalaia Nº 7 Porto do Son), de luns a venres en horario de 09.00h a 13.30h.

### **3.- Requisitos.**

Poderán presentar solicitude de admisión todas as persoas interesadas que pertencen a algún dos colectivos prioritarios sinalados no punto 1 e que estean empadroadas no Concello de Porto do Son.

### **4.- Documentación.**

Xunto coa solicitude de admisión, as persoas interesadas deberán presentar:

- Fotocopia do DNI ou NIE.
- Volante de empadramento no Concello de Porto do Son.

### **5.- Prazo de inscrición.**

O prazo de presentación de solicitudes comezará o luns día 13 de xuño de 2016 e rematará o mércores día 15 de xuño de 2016 ás 13.30h.

No caso de non cubrirse as prazas poderase ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

### **6.- Selección de participantes.**

A selección dos participantes farase por rigorosa orde de presentación de solicitudes (xunto coa documentación requirida), no rexistro do Concello de Porto do Son.

### **7.- Número de prazas.**

Esta acción formativa conta cun total de 20 prazas.



# CONCELLO DE PORTO DO SON

CONCELLERÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO,  
XUVENTUDE, VOLUNTARIADO, SEGURIDADE E  
PROTECCIÓN CIVIL



## 8.- Datas e Lugar de celebración do curso.

O curso vaise celebrar a última semana do mes de xuño, en horario por confirmar en función do grupo e da dispoñibilidade docente da Consellería do Medio Rural.

## 9.- Duración do curso.

O curso ten unha duración de 25 horas.

## 10.- Obxectivos do curso.

- Previr, controlar e tratar pragas de plantas cos produtos químicos e técnicas mais adecuadas.
- Obter o carné de aplicador manipulador de produtos fitosanitarios. A partir do 26 de novembro de 2015, os usuarios de produtos fitosanitarios deberán estar en posesión dun carné que acredite coñecementos apropiados para exercer a súa actividade.

## 11.- Contidos do curso.

- Controlar as plantas, os medios e os produtos específicos para o tratamento de plantas: características, xeneralidades e grado de perigosidade (envasado e etiquetado).
- Calcular a dose mais adecuada a utilizar segundo a área de aplicación e os produtos empregados.
- Coñecer os riscos derivados do uso destes produtos, posibles intoxicacións e primeiros auxilios para actuar.
- Xestionar de forma adecuada os residuos xerados tras un tratamento.
- Tipos de tratamentos, equipos de limpeza, medidas preventivas e normativa sobre prevención de riscos laborais.

## 12.- Condicións de superación do curso.

É imprescindible un mínimo do 80% de asistencia ao curso. Para obter o carné oficial da Xunta de Galicia, é obrigatorio presentarse posteriormente ao exame de avaliación final.

## 13. Prezo.

A participación nesta acción formativa é de carácter gratuíto. As persoas participantes só terán que aboar a cantidade de 8,83€ en concepto de taxas de exame.

Porto do Son, 10 de xuño de 2016.